

**ALCALDÍA DO CONCELLO DE
(AOS 81 CONCELLOS DA 1ª FASE)**

**CIRCULAR SOBRE A APROBACIÓN DA 1ª FASE DO
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 2/2021**

POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL 1ª FASE

A Presidencia desta Deputación, mediante Resolución número 2021/30870 do 23/07/2021, declarou cumprida a condición de existencia de remanentes xerados pola maior achega provincial por un importe total de 25.000.000,00 €, aprobado mediante o Expediente de modificación de créditos (EMC) 3/2021 que se aprobou polo Pleno desta deputación na sesión do 30 de abril de 2021 e que entrou en vigor o 31 de maio de 2021 coa publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e en consecuencia, **CONSIDEROU APROBADA A PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL**, no marco das Bases reguladoras do POS+ 2021, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9, para regular a utilización do contrato menor nas obras incluídas no Plan, foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP núm. 225 do 31 de decembro de 2020.

Nesta primeira fase do POS+Adicional 2/2021 **inclúense as solicitudes presentadas polos concellos no primeiro prazo** establecido ata o 9 de xullo de 2021, para destinar a maior cantidade asignada a cada un deles para financiamento de investimentos xa previstos no Plan Complementario ao POS+ 2021 Base, aprobado mediante acordo plenario provincial do 30 de xuño de 2021.

Proximamente aprobarase unha segunda fase do POS+ Adicional 2/2021, na que se incluírán as solicitudes presentadas polos concellos no segundo prazo establecido ata o 1 de outubro de 2021.

INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES INCLUIDOS NO POS+ ADICIONAL 2/2021 (1ª FASE)

Os investimentos financeiramente sostibles dese concello que se inclúen nesta 1ª fase do POS+ Adicional 2/2021 están entre os que solicitou no seu momento con carácter supletorio no POS+ Complementario 2021, e foron aprobados conxuntamente co POS+ 2021 Base de forma condicionada á existencia de crédito necesario para o seu financiamento. Unha vez que existe crédito provincial procedente da maior achega provincial aprobada no Expediente de modificación de créditos 3/2021, e despois de confirmar ese concello a súa aplicación a este POS+ Adicional 2/2021, completada, de ser o caso, coa achega municipal, **os investimentos dese concello que se indican no ANEXO ao final desta Circular están aprobados no POS+ ADICIONAL 2/2021 (1ª fase) e ese concello poderá iniciar a súa adxudicación e posterior execución.**

É importante destacar que nalgúns casos ademais, a aprobación dalgúns obras ou subministracións incluídas neste POS+ Adicional 2/2021 (1ª fase) **está condicionada** ao cumprimento das condicións que se indican, e nestes casos, **o concello NON poderá iniciar o correspondente expediente para a súa adxudicación.** Cando estea cumprida a condición, o concello deberá presentar nesta deputación documentación xustificativa do seu cumprimento coa finalidade de que esta deputación poida declarar cumprida a condición e en consecuencia, definitivamente aprobada a obra ou subministración no POS+ Adicional 2/2021.

É importante destacar que o proxecto que debe adxudicarse é o derradeiro proxecto aprobado polo concello, que é o incluído no Plan, polo que **debe prestarse especial atención cando o proxecto foi obxecto de correccións ou modificacións.**

Na Base 7 das reguladoras do Plan establécese que os concellos contratarán os investimentos de acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, mediante procedemento "aberto", procedemento "aberto simplificado", ou procedemento "aberto simplificadísimo", utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta deputación, que foron publicados no BOP e que poden consultarse na páxina web desta deputación, <https://www.dacoruna.gal/contratacion/documentos>. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

PROCEDEMENTO	
Procedemento ABERTO	Adxudicación cun único criterio de adxudicación FACTOR PREZO
Procedemento ABERTO	Pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de XUIZOS DE VALOR e criterios de apreciación AUTOMÁTICA
Procedemento ABERTO SIMPLIFICADO	Pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de XUIZOS DE VALOR e criterios de apreciación AUTOMÁTICA
Procedemento ABERTO SIMPLIFICADO	Criterios de apreciación AUTOMÁTICA ou mediante FÓRMULAS
Procedemento ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO	Criterios de apreciación AUTOMÁTICA ou mediante FÓRMULAS

O incumprimento das condicións da delegación da contratación implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia Administración de acordo co establecido no artigo 30 da citada Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Lémbrolle que cada investimento debe ser adxudicado a un único licitador, sen posibilidade de división en lotes, de acordo co establecido no parágrafo 5 da Base 2.3 e de acordo co contido dos Anexos V e IX xa presentados por ese concello para cada investimento.

Os prazos para a contratación e execución dos investimentos incluídos nesta 1ª fase do POS+ Adicional 2/2021 **rematan o 30 de novembro de 2022 e o 30 de novembro de 2023**, respectivamente, aínda que estes prazos poderán prorrogarse mediante Resolución da Presidencia desta deputación tras a solicitude motivada do concello, a salvo o disposto no parágrafo último da base 9.3 das reguladoras do POS+ 2021 para os investimentos adxudicados mediante contrato menor, onde se indica que estes investimentos non poderán ser obxecto de prórroga.

O concello deberá presentar a través da plataforma SUBTEL a documentación xustificativa da **adxudicación** realizada, segundo se detalla na dita plataforma. Lémbrolle que en todo caso, nos anuncios de licitación que se publiquen en calquera medio debe figurar o Plan no que se inclúe a obra, coa finalidade de darlle publicidade ao seu financiamento por esta deputación e, no seu caso, polo concello.

Polo que se refire á **execución** das obras ou subministracións, a Base 8 destaca que os investimentos executáranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou ao prego de prescricións técnicas da subministración, e que calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de outro concepto, deberá ser financiado integramente polo concello.

Durante a execución das obras debe colocarse un **cartel informativo**, segundo o modelo que figura na páxina web desta deputación: <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-2>

O **pago da achega provincial**, realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou das facturas das subministracións, aprobadas polo órgano municipal competente, que o concello presente nesta deputación, xunto co resto da documentación que se esixe na plataforma SUBTEL, empregando os modelos establecidos por esta deputación.

ESPECIAL MENCIÓN Á UTILIZACIÓN DO CONTRATO MENOR

No POS+2021 engadiuse a posibilidade de utilizar en determinados supostos o contrato menor na adxudicación das obras incluídas neste Plan, o que se regula na Base 7.2 e no derradeiro parágrafo da Base 9.3, segundo se transcribe de seguido:

Base 7. 2.- Utilización do contrato menor na adxudicación das obras

Unicamente poderán adxudicarse utilizando o contrato menor as obras (non as subministracións) incluídas no POS+ 2021, cando o seu valor estimado sexa inferior a 40.000 euros (IVE excluído) o que supón 48.400 € co 21% de IVE incluído, e cun prazo de execución non superior a un ano que non poderá prorrogarse.

A selección do contratista, segundo o orzamento do proxecto das obras, realizarase do seguinte modo:

Valor estimado	Entre 24.794 e 34.000 € (IVE excluído)	Consulta polo menos a 3 empresas / ou Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 30.000 e 41.140 € (21% IVE incluído)	
Valor estimado	Entre 34.000 e 40.000 € (IVE excluído)	Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 41.140 e 48.400 € (21% IVE incluído)	

Procurarase que ningún provedor poida resultar adxudicatario de contratos menores cun importe acumulado superior aos límites establecidos para o contrato menor. No caso de que se supere este límite, deberán motivarse os contratos menores posteriores á superación do límite.

Os concellos deben presentar nesta deputación a seguinte documentación:

- Proposta para realizar a adxudicación da obra mediante contrato menor, autorizada polo alcalde ou concelleiro delegado, de acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei 9/2017, na que figuren, entre outros, os seguintes datos:

- . Denominación, orzamento e prazo de execución
- . As tres empresas ás que se vai facer a consulta, ou a indicación de que se vai publicar un anuncio na Plataforma de Contratación
- . Prazo e forma de presentación de ofertas
- . Criterios de adxudicación coa súa ponderación, debendo ser sempre un deles o prezo.

- Certificado de existencia de crédito ou documento contable RC

- Resolución de adxudicación na que motivadamente se recollan os datos da empresa adxudicataria e o prezo de adxudicación.

Nos demais aspectos será de aplicación o previsto nas Bases reguladoras do POS+ 2021, especialmente no relativo á presentación xunto coa solicitude do proxecto técnico e os informes requiridos nas Bases, e á xustificación mediante certificacións de execución das obras aprobadas polo concello.

9.3 Parágrafo final

Achega provincial destinada ao financiamento de obras e subministracións

Non obstante, cando se trate de obras adxudicadas mediante contrato menor, o prazo de execución será como máximo dun ano e non poderán ser obxecto de prórroga, o que se controlará tanto desde o concello como por esta deputación, de conformidade co disposto no artigo 29.8 da citada Lei 9/2017.

ANEXO: Investimentos incluídos na 1ª fase do POS+Adicional 2/2021

CONCELLO	CÓDIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN

POS+ ADICIONAL 2/2021 1ª FASE
ANEXO I: RESUMO XERAL POR CONCELLO

CONCELLO	ASIGNADO	INVESTIMENTOS			PENDENTE
		DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	
Abegondo	269.851,36	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			269.851,36
Ames	546.946,49	524.227,53	0,00	524.227,53	22.718,96
Aranga	216.107,00	170.876,32	0,00	170.876,32	45.230,68
Ares	145.309,13	58.834,46	0,00	58.834,46	86.474,67
Arteixo	589.618,90	589.618,90	15.724,53	605.343,43	0,00
Arzúa	372.734,97	324.354,95	0,00	324.354,95	48.380,02
Baña (A)	244.454,06	241.030,15	0,00	241.030,15	3.423,91
Bergondo	194.509,43	194.509,43	121.119,89	315.629,32	0,00
Betanzos	244.260,00	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			244.260,00
Boimorto	206.146,88	142.457,28	0,00	142.457,28	63.689,60
Boiro	389.344,94	389.344,94	167.234,83	556.579,77	0,00
Boqueixón	224.257,81	219.647,04	0,00	219.647,04	4.610,77
Brión	249.206,85	249.206,85	34.268,07	283.474,92	0,00
Cabana de Bergantiños	237.780,79	107.992,50	0,00	107.992,50	129.788,29
Cabanas	142.077,27	142.077,27	23.537,72	165.614,99	0,00
Camariñas	177.130,67	40.288,61	0,00	40.288,61	136.842,06
Cambre	423.765,60	423.765,60	25.056,85	448.822,45	0,00
Capela (A)	127.110,47	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			127.110,47
Carballo	687.379,21	687.379,21	89.334,58	776.713,79	0,00
Carnota	184.565,40	160.526,29	0,00	160.526,29	24.039,11
Carral	200.726,39	200.726,39	14.544,08	215.270,47	0,00
Cedeira	241.926,09	219.932,78	0,00	219.932,78	21.993,31
Cee	215.196,09	215.196,09	26.246,41	241.442,50	0,00
Cerceda	264.509,91	264.509,91	47.676,27	312.186,18	0,00
Cerdido	119.156,31	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			119.156,31
Coirós	122.805,35	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			122.805,35
Corcubión	71.948,85	71.948,85	8.292,33	80.241,18	0,00
Coristanco	327.144,87	327.144,87	119.454,01	446.598,88	0,00
Coruña (A)	170.453,26	170.453,26	118.883,21	289.336,47	0,00
Culleredo	513.198,58	513.198,58	182.341,22	695.539,80	0,00
Curtis	230.823,08	179.334,18	14.121,80	193.455,98	51.488,90
Dodro	116.823,60	116.823,60	28.051,94	144.875,54	0,00
Dumbría	246.990,53	197.704,17	0,00	197.704,17	49.286,36
Fene	256.607,56	256.607,56	172.327,53	428.935,09	0,00
Ferrol	282.358,15	282.358,15	20.020,85	302.379,00	0,00
Fisterra	138.091,00	138.091,00	23.905,64	161.996,64	0,00
Frades	200.897,64	200.897,64	2.318,88	203.216,52	0,00
Irixoa	154.877,54	154.877,54	10.331,95	165.209,49	0,00
Laxe	138.095,28	119.823,34	0,00	119.823,34	18.271,94
Laracha (A)	362.204,62	362.204,62	13.546,70	375.751,32	0,00
Lousame	207.259,72	176.985,29	0,00	176.985,29	30.274,43
Malpica de Bergantiños	202.652,72	202.652,72	71.784,82	274.437,54	0,00
Mañón	168.847,60	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			168.847,60
Mazaricos	345.685,96	345.685,96	63.354,45	409.040,41	0,00
Melide	346.488,72	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			346.488,72
Mesía	231.204,21	152.110,62	0,00	152.110,62	79.093,59
Miño	184.167,11	184.167,11	5.730,30	189.897,41	0,00
Moeche	125.726,54	125.726,54	6.402,64	132.129,18	0,00
Monfero	278.435,04	278.435,04	137.600,28	416.035,32	0,00
Mugardos	145.121,77	145.121,77	35.533,18	180.654,95	0,00
Muxía	280.583,81	146.402,53	0,00	146.402,53	134.181,28
Muros	249.916,27	249.916,27	37.284,73	287.201,00	0,00
Narón	607.211,19	607.211,19	82.412,44	689.623,63	0,00
Neda	141.471,71	141.471,71	12.372,57	153.844,28	0,00
Negreira	313.731,75	237.586,27	0,00	237.586,27	76.145,48

CONCELLO	ASIGNADO	INVESTIMENTOS			PENDENTE
		DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	
Noia	268.527,61	253.244,12	0,00	253.244,12	15.283,49
Oleiros	551.648,18	551.648,18	302.762,39	854.410,57	0,00
Ordes	414.508,39	414.508,39	37.877,81	452.386,20	0,00
Oroso	254.839,64	229.688,06	0,00	229.688,06	25.151,58
Ortigueira	430.075,55	256.729,80	0,00	256.729,80	173.345,75
Outes	261.905,34	235.128,42	0,00	235.128,42	26.776,92
Paderne	144.937,23	144.937,23	106.047,38	250.984,61	0,00
Padrón	214.686,17	214.686,17	35.302,98	249.989,15	0,00
Pino (O)	295.471,60	286.146,66	0,00	286.146,66	9.324,94
Pobra do Caramiñal (A)	202.642,14	202.642,14	94.619,25	297.261,39	0,00
Ponteceso	269.984,90	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			269.984,90
Pontevedra	195.438,04	195.438,04	37.274,57	232.712,61	0,00
Pontes de García Rodríguez (As)	518.403,29	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			518.403,29
Porto do Son	290.716,22	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			290.716,22
Rianxo	257.158,59	243.527,03	0,00	243.527,03	13.631,56
Ribeira	468.146,34	468.146,34	24.370,01	492.516,35	0,00
Rois	240.432,27	240.432,27	8.838,77	249.271,04	0,00
Sada	290.227,89	290.227,89	97.660,78	387.888,67	0,00
San Sadurniño	210.097,66	210.097,66	1.820,56	211.918,22	0,00
Santa Comba	449.225,32	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			449.225,32
Santiago de Compostela	572.358,96	454.366,49	0,00	454.366,49	117.992,47
Santiso	198.513,57	31.064,72	0,00	31.064,72	167.448,85
Sobrado	231.887,02	231.887,02	4.455,55	236.342,57	0,00
Somozas (As)	168.635,29	166.234,00	0,00	166.234,00	2.401,29
Teo	397.217,73	380.133,60	0,00	380.133,60	17.084,13
Toques	176.150,15	176.150,15	80.331,27	256.481,42	0,00
Tordoia	252.606,90	143.483,22	31.698,00	175.181,22	109.123,68
Touro	280.947,12	280.947,12	441,87	281.388,99	0,00
Trazo	226.751,20	226.751,20	24.220,35	250.971,55	0,00
Valdoviño	243.694,38	243.694,38	32.684,95	276.379,33	0,00
Val do Dubra	247.560,49	247.560,49	14.494,68	262.055,17	0,00
Vedra	204.521,86	204.521,86	83.927,77	288.449,63	0,00
Vilasantar	152.353,64	143.405,00	0,00	143.405,00	8.948,64
Vilarmaior	105.964,06	105.964,06	25.247,66	131.211,72	0,00
Vimianzo	385.363,04	62.074,11	0,00	62.074,11	323.288,93
Zas	304.965,18	88.257,59	0,00	88.257,59	216.707,59
Cariño	155.628,07	non solicitou investimentos nesta 1ª fase			155.628,07
Oza-Cesuras	389.912,92	311.011,48	0,00	311.011,48	78.901,44
TOTAL	25.000.000,00	19.586.177,77	2.774.891,30	22.361.069,07	5.413.822,23

Total concellos 1ª fase	48
Total concellos 1ª e 2ª fase	33
Total concellos 2ª fase	12
TOTAL	93